

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTAS ANTERIORES

Dada conta dos borradores das actas da sesión extraordinaria do día 23 de febreiro de 2024 e da sesión extraordinaria urxente do día 26 de febreiro de 2024, foron aprobados por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes do escrito recibido polo Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, con data 23 de febreiro do corrente (RE-E núm. 102), polo que ofrece ao Concello

a adhesión ao “*Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica*”, que foi aprobado pola Xunta de Goberno do ente provincial en data 23/02/24. A finalidade do convenio é dar continuidade ao servizo de administración electrónica implantado mediante a posta a disposición da ferramenta “*Plataforma Gestiona*”.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA”, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o Convenio de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

En Pontevedra/Rodeiro

INTERVEÑEN

Don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D. José Luis Camiñas Vázquez, alcalde do Concello de Rodeiro, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- A Deputación de Pontevedra desde o 2016, en exercicio das súas competencias provinciais de asesoramento e asistencia en materia de administración electrónica, promoveu a través da contratación dunha plataforma de administración electrónica en modalidade software como servizo (SaaS) e a formalización de convenios interadministrativos para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica cuxa vixencia remata o 10 de marzo de 2024, un marco de colaboración coas Entidades locais da provincia para a prestación de servizos de administración electrónica.

Segunda.- Actualmente son 55 concellos, 4 mancomunidades e 6 entidades locais menores as adheridas ao convenio de colaboración para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, que está a permitir ás entidades adheridas instaurar o expediente electrónico, garantindo o cumprimento das obrigas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a integración coa Plataforma de Contratación do Estado (PLACE) ou cos servizos da Plataforma de Intermediación de Datos, entre outros.

Terceira.- Este proxecto está a permitir ás entidades locais da provincia adheridas ter todos os seus expedientes organizados e localizados, evolucionando do expediente en papel ao expediente electrónico, a través da incorporación da sinatura electrónica en todos os seus expedientes. Ademais, habilitou a posta en funcionamento das correspondentes sedes electrónicas que permiten ás persoas interesadas relacionarse de xeito electrónico, consultar os eu expedientes e rexistros, recibir notificacións electrónicas, realizar pagos telemáticos e verificar a validez de documentos electrónicos.

Cuarta.- Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra ten interese en dar continuidade a devandita colaboración polo que con data 31 de xaneiro de 2024 incoouse un expediente de contratación, mediante o procedemento de negociado por exclusividade sen publicidade, para dar continuidade á prestación de servizos de administración electrónica nas Entidades locais da provincia a través da posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona, Expte. 2024002812.

Quinta.- Que o artigo 36.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a prestación de servizos de administración electrónica.

Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determina que as deputacións provinciais teñen como competencias propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos, sen limitación de poboación, que desde a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, só pode ser electrónico.

Sexta.- Que as devanditas competencias das deputacións en relación á prestación de servizos de administración electrónica deben entenderse segundo o previsto na Sentenza do Tribunal Constitucional 111/2016, do 9 de xuño de 2016. Recurso de inconstitucionalidade 1959-2014. "como a prestación duns servizos (de informática e de asesoramento xurídico) aos municipios de menos de 20.000 habitantes que poden que non teñan, por si mesmos, capacidade de asumilos". Tarefas de apoio, di o Tribunal, garantidas, tamén, polos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, así como polo disposto no apartado 2 do mesmo precepto, "asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal" (F.j. 11).

Sétima.- Por outra parte, as administracións públicas, e en concreto os concellos da provincia de Pontevedra, deben garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coa administración conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Que o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a

propia Lei regula no seu capítulo VI do Título Preliminar o Convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común.

Novena.- A Deputación de Pontevedra, de conformidade coa política de cooperación interadministrativa que se deriva das iniciativas da UE no ámbito da administración electrónica e que se recollen na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, e consciente da gran demanda e a importancia do servizo de administración electrónica para as entidades locais adheridas ao anterior convenio, [servizo que presta desde o ano 2017, data de formalización dos primeiros convenios administrativos para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos"] desexa promover a continuidade do servizo, a través da posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona, co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica e o acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas.

Décima.- As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir este acordo e, en consecuencia, conveñen formalizar este convenio de colaboración (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Rodeiro para a prestación de servizos de administración electrónica, co obxectivo de asegurar o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso das ferramentas tecnolóxicas.

Segunda. Ámbito subxectivo

As entidades locais beneficiarias das actuacións previstas no presente convenio serán:

- As entidades locais adheridas ao precedente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos", previstas no *Anexo I*.
- Os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que non formalizaran a súa adhesión ao devandito convenio.

Terceira. Ámbito obxectivo

É alcance do presente convenio:

- A posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona de titularidade de Espublico Servicios para la Administración S.A. (A50878842) que permite ás entidades locais da provincia dispor dunha sede electrónica personalizada para a relación coa cidadanía, dun portal de tramitación para as persoas traballadoras das entidades locais da provincia, así como a xestión integral dos procedementos e expedientes por medios electrónicos.
- A formación para que o persoal da entidade local poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
- O soporte e mantemento correctivo e de adaptación e seguimento desde o momento de posta en produción e durante todo o período de garantía de proxecto que garantan a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.

Ademais, será alcance do convenio a migración da información, a implantación, a parametrización, a xestión do cambio e a posta en marcha de todos os módulos que forman parte do servizo de administración electrónica no caso de novas adhesións ao servizo por parte daqueles concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que non formalizaran a súa adhesión ao convenio precedente ao presente e que formalicen a súa solicitude de adhesión.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

1. A posta a disposición da ferramenta Plataforma Gestiona de titularidade de Espublico Servicios para la Administración S.A. (A50878842).
2. Respetar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento na normativa básica de protección de datos de carácter persoal.
3. Favorecer a formación e proporcionar o material necesario para que o persoal da entidade local poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto.
4. Comunicarlle a entidade local calquera modificación na prestación dos servizos de administración electrónica debida a cambios tecnolóxicos ou legais.
5. A implantación e parametrización nos concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que non formalizaran a súa adhesión ao convenio precedente e que formalicen a súa solicitude de adhesión.

Quinta. Obrigas da entidade local

A entidade local comprométese ao seguinte:

1. Autorizar á empresa Espublico Servicios para la Administración S.A. para que poida realizar todas as operacións necesarias para a prestación de servizos de administración electrónica obxecto de convenio.
2. Nomear a unha persoa interlocutora única, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do servizo. Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa provedora de servizos de administración electrónica. A entidade local deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do Convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.
3. Pór a disposición da institución provincial e da empresa provedora do servizo, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días hábiles desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a prestación a prestación de servizos de administración electrónica
4. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa provedora no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.
5. Colaborar de maneira activa co organismo provincial e coa empresa provedora nas visitas ás instalacións do Concello, así como na resolución das dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.
6. Conservar toda a documentación xustificativa das actuacións realizadas no ámbito do proxecto, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Sexta. Financiamento e réxime económico

O custo anual das actuacións obxecto do presente Convenio é de 690.482,68, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.06 do Orzamento de Gastos dos exercicios orzamentarios correspondentes.

Para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio as entidades locais deberán asumir o pagamento dunha contraprestación económica segundo o previsto no Modelo de contraprestación económica e criterios de distribución recollido como *Anexo II*. Este modelo ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

A forma de liquidación será anual e as achegas económicas, segundo o previsto no *Anexo II*, deberán ingresarse na Tesoureira provincial no primeiro trimestre de cada exercicio nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Sétima. Control e seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dúas persoas representantes, unha por parte da Deputación de Pontevedra e outra por parte da entidade local, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición desta comisión será a seguinte:

- Pola Deputación de Pontevedra, a persoa deputada provincial con competencias en Innovación e Axenda Dixital, ou a persoa na que delegue.

- Pola entidade local, a persoa que exerza a súa Alcaldía ou Presidencia, ou a persoa na que delegue.

A presidencia exerceraa a persoa deputada provincial con competencias en materia de Administración electrónica, ou a persoa na que delegue.

Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidencia será ocupada pola persoa na que delegue.

Oitava. Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena. Resolución

Este convenio resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Ademais, serán causas de resolución do convenio as seguintes:

1. Cumprimento da prestación dos servizos obxecto deste convenio.
2. Cumprimento do prazo de vixencia.
3. Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.

4. Acordo das partes asinantes despois dunha reunión da comisión de seguimento.
5. Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con quince días de antelación. A resolución do Convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e prexuízos causados.

O réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que consten neste Convenio consideraranse instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En calquera suposto de resolución anticipada as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

Décima. Vixencia, duración e prórroga do convenio

Este convenio terá unha vixencia de tres (3) anos desde a do 11 de marzo de 2024 e poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais, bianuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

Décimo primeira. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa e rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de citada Lei. Non lle é aplicable a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do convenio, será de aplicación o disposto no propio convenio e, na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio a través da comisión de seguimento establecida na cláusula quinta. En caso de non ser posible unha solución amigable e proceder o litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo segunda. Compatibilidade con outras subvencións

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A entidade local deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a obtención dos recursos citados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, de acordo co disposto no artigo 14.d) da Lei Xeral de Subvencións.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación do gasto o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo sinala o artigo 30.4 da Lei Xeral de Subvencións.

O importe da subvención, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Confidencialidade da información

As partes comprométese ao intercambio dos datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito de relación das mesmas partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración deste convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décimo cuarta. Protección de datos

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal.

A contratación do servizo obxecto do presente convenio deberá incorporar entre as súas cláusulas as garantías aquelas previstas no artigo 28 do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

En caso de darse tratamentos de datos persoais no contexto da execución de actividades no ámbito do presente convenio, as partes poderán ser responsables, corresponsables ou encargados do tratamento dos datos persoais, sendo a comisión de seguimento do convenio quen determine dita responsabilidade ou corresponsabilidade ou a posible existencia do encargo do tratamento, atendendo ao tratamento de datos persoais particular que teña lugar en cada caso.

A empresa provedora do servizo porá ao dispor da persoa responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no devandito artigo, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte da persoa responsable ou auditora autorizada polo devandita persoa responsable, así como informar inmediatamente se, na súa opinión, unha instrución infrinxe a normativa en materia de protección de datos.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Tomando en consideración que todas as partes asinantes entran dentro dos suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos e, por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas, segundo establece o artigo 14.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, as notificacións realizaranse só por medios electrónicos.

Décimo sexta. Cesión de competencias

Este convenio non supón, en ningún caso, a cesión de competencias dunha das partes á outra, nin tampouco a concesión, expresa ou implícita, de dereito ningún.

Décimo sétima. Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial nº 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

Décimo oitava. Adhesión dos entes locais

As entidades locais previstas na cláusula segunda poderán adherirse ao establecido no presente convenio achegando a Carta de Adhesión prevista como *Anexo III*.

Unha vez recibida a solicitude de adhesión, a Deputación de Pontevedra comprobará o cumprimento dos requisitos previstos, e, no seu caso, mediante resolución ou acordo por parte do órgano competente, aprobará a citada solicitude, acto que será oportunamente notificada á entidade local solicitante.

3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO ENTRE OS CONCELLOS DE LALÍN, AGOLADA E RODEIRO PARA A PRESTACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM)

O Sr. alcalde informa da Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 5, do 08/01/24), e da conveniencia de realizar unha solicitude conxuntamente cos concellos de Lalín e Agolada para sufragar os custes da oficina do CIM de Lalín, que está a prestar servizos ás veciñas do noso Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración marco entre os Concellos de Lalín, Agolada e Rodeiro para a prestación conxunta do servizo de Centro de Información ás Mulleres (CIM), co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o Convenio de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A PRESTACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

No Concello de Lalín, a de marzo de 2024

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes, D. José Crespo Iglesias, con DN [REDACTED] alcalde do concello de Lalín con NIF [REDACTED], D., alcalde do concello de Agolada con DNI.... NIF [REDACTED] e D. Jose Luis Camiñas Vázquez con DNI [REDACTED], alcalde do concello de Rodeiro con NI [REDACTED].

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 26 LBRL dispón que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Terceiro.- A Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas parcialmente pola UE, no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, establece no seu artigo 4.1 que poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución os concellos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, existe a necesidade de impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles., co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Quinto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sexto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación dos servizos.

Sétimo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Oitavo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a PRESTACIÓN COMPARTIDA do servizo de Centro de Información ás Mulleres, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de Centro de Información ás Mulleres a prestar de forma compartida entre os concellos de Lalín, Rodeiro e Agolada.

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos de Lalín, Rodeiro e Agolada.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños/as a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo

O servizo será prestado polo Concello de Lalín que atenderá ás mulleres dos Concellos de Rodeiro e Agolada.

Esta prestación conxunta non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello titular do servizo ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da prestación.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación polo concello de Lalín, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo coa Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación.

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerese polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a Xunta de Goberno de cada un dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado polo órgano competente en cada Concello.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

O órgano competente de cada Concello que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo o Concello de Lalín solicitará a axuda correspondente, e os Concellos integrantes da agrupación asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será realizada polo Concello de Lalín, que será quen perciba e xustifique as subvencións.

O alcalde do concello Lalín será o representante ou apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Oitava.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse ás aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano ás previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

A aportación para os Concellos de Rodeiro e Agolada levarase a cabo en base a liquidación das mulleres atendidas deses Concellos, e fíxandose, unha vez finalizado o período subvencionable, en función das consultas recibidas por parte das usuarias dos Concellos de Rodeiro e Agolada en relación ao número total de consultas atendidas no CIM e aprobándose no prazo de dous meses, desde a finalización da subvención, pola comisión Mixta.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal. O Concello de Lalín, unha vez finalizado o período subvencionable, en base ao informe realizado pola directora do CIM, emitirá as correspondentes liquidacións ao Concello de Rodeiro e Agolada a efectos de que polos mesmos se transferirá a cantidade que lle corresponda.

Así mesmo o Concello de Lalín deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe da directora do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Novena .- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia

Décima – Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración prorrogable anualmente, mediante acordo expreso das partes, por un período máximo de 4 anos, condicionado á convocatoria anual de axudas por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, para financiamento dos CIMs.

Décimo primeira- Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso- administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo segunda- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo Terceira.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes da Resolución do 15 de febreiro de 2024 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 42, do 28/02/24). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita subvención para poñer en valor o noso patrimonio natural e cultural a través da creación dunha ruta de sendeirismo, conservando e potenciando o seu valor cultural histórico.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención por importe de VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS DEZASETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (29.817,45 €) para levar a cabo a actuación denominada “*Creación de ruta de sendeirismo en Asperelo*”.

Segundo.- Aprobar a memoria técnica valorada asinada, con data 29/02/24, polo arqueólogo Don Sergio Sánchez García.

Terceiro.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na resolución da convocatoria.

Cuarto.- Acreditar a dispoñibilidade por parte do Concello sobre os terreos e inmobles nos que se vai desenvolver a actuación.

Quinto.- Comprometerse a financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Sexto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2024”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 2 de febreiro de 2024 da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, de cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos cales discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2024 (DOG núm. 35, do 19/02/24), e a conveniencia de solicitar dita axuda para financiar a contratación de actuacións que contribúan á promoción das artes escénicas e musicais (teatro, música, danza, novo circo ou maxia) a desenvolver entre os días 15 de xuño e 31 de agosto de 2024. Agadic financia o 50 % do caché de cada actividade programada (mínimo de dúas), por importe mínimo de 5.000,00 €, IVE incluído, e sen que a subvención total supere a cantidade máxima de 2.500,00 €.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) unha subvención económica por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), para a contratación de actuacións dentro do programa “Cultura no Camiño 2024”.

Segundo.- Comprometerse, no suposto de ser beneficiarios da axuda solicitada, a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto das actividades ata o importe total de execución.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do presente acordo.

6.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2023, adoptou acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 28 de febreiro de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 56.987,10 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

7.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II” – EXPEDIENTE PASS-O 1/2024

De conformidade co establecido na cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO RURAL EN VISTUÍDE (SAN CRISTOVO DO AZ) – FASE II” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: O alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS PREMIADAS NO I CONCURSO DE LENDAS, HISTORIAS E DEMAIS CONTOS

De conformidade co establecido nas Bases do I Concurso de lendas, historias e demais contos, infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado cualificador, reunido o pasado día 22 de febreiro do corrente, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA XUVENIL

PREMIO	DENOMINACIÓN	PREMIADO/A	IMPORTE
Primeiro	Deserto		100,00 €
Segundo	Deserto		75,00 €
Terceiro	Deserto		50,00 €

CATEGORÍA ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	PREMIADA	IMPORTE
Primeiro	A lenda do esqueleto de Porta de Arcos	Leila Sabbouh López	100,00 €
Segundo	A casa da moura	Marta Vence Areán	75,00 €
Terceiro	A lenda da moza das sete cabezas	Raquel Rodríguez Rozas	50,00 €

9.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS

Vistos o orzamento presentado en data 18/01/24, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo concelleiro-delegado de Economía con data 26/02/24, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na actualización, informatización e peche contable do exercicio económico de 2023, á sociedade CONSULTORÍA ICAL S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Nigrán, ao prezo de SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS (7.260,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

10.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS E PERMISO LABORAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Isabel Varela Vázquez, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce da parte das vacacións no gozadas do ano 2023 por mor da súa baixa de IT, así como un permiso laboral, entre os días 29 de febreiro e 7 de marzo do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito

servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 29 de febreiro e 7 de marzo, ambos inclusive, en substitución da traballadora Isabel Varela Vázquez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

11.- EXENCIÓNS DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO 2024”

En atención ás circunstancias que concorren nos/as menores veciños/as do Concello [REDACTED] e [REDACTED], e de conformidade co informe emitido ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 28/02/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e en aplicación do previsto no artigo 5º, apartado 6 da Ordenanza do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas (BOP núm. 194, do 07/10/10), acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación no programa “*Concilia en período lectivo 2024*”, con efectos do mes de xaneiro do corrente, a favor de ditos/as menores, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade da súa unidade familiar.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE 1.200,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/recibo.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 2.197,82 €
Honorarios por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan de reparación de danos causados polas inundacións, s/factura núm. 004/2024.

- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 151,25 €
Por traballos de reparación de avaría na traída de augas de Arcas, s/factura núm. 04.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 466,57 €
Por traballos de instalación de alumeado ornamental de Nadal, s/factura núm. 17.
- ARTISTAMENTE S.L. 484,00 €
Por actuación musical no Entroido, s/factura núm. AM2403041.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 3.509,00 €
Por traballos de reparación de limpeza de cunetas e reparación de camiños en varios lugares, s/factura núm. 03.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)